

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E PFIZER, S.L.U. PARA A ORGANIZACIÓN DA XORNADA DE HUMANIZACIÓN SANITARIA 2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade, en calidade de Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou o día 11 de xuño de 2025 con Pfizer, S.L.U. o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia dende o día seguinte ao da súa sinatura ata que se cumpran todas as prestacións ás que as partes se obrigan, sen prexuízo de que a súa duración non poderá exceder do 31 de decembro de 2025..

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *“establecer as condicións xerais que regulan a colaboración das Partes en relación co financiamento por parte de Pfizer da “Xornada de Humanización Sanitaria 2025”, en particular en relación con amosar o seu respaldo a estas iniciativas que melloran a calidade asistencial do paciente, proporcionando o apoio para o desenvolvemento da xornada , os medios audiovisuais, o café, o merchandising e o persoal de apoio.”*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

“A solicitude de ACIS, Pfizer está interesada en financiar o Proxecto e ACIS está interesada en aceptar e recibir de Pfizer dito financiamento nos termos acordados no presente convenio de colaboración empresarial.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.